

PROGRAMACIÓN DE ENSEÑANZAS BÁSICAS INICIAIS

CURSO 2023-2024

MEMBROS DO DEPARTAMENTO :

CARLA LÓPEZ MARTÍNEZ

Mº TERESA DÍAZ SÁNCHEZ

ÍNDICE

1.-OBJECTIVOS.....	3
2.- CONTRIBUCIÓN DAS AREAS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	6
3.-CONTIDOS.....	10
4.-METODOLOXÍA	14
5.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	15
6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	18

As ensinanzas básicas iniciais constan de dous niveis :

O nivel I e nivel II

Están dirixidas a:

.- Promover a inserción social das persoas adultas,principalmente as que están en risco de exclusión social, así como as procedentes doutros países,necesitan estas aprendizaxes para a súa integración social e laboral.

.-Favorecer a comprensión dos cambios que se producen no mundo actual e a adaptación a eles.

.-Elevar o nivel de autoestima e de confianza en si mesmo,para construír expectativas positivas sobre as posibilidades de autoaprendizaxe e progreso nos planos persoal,laboral e profesional e desenvolver niveis de maior autonomía.

.-Fomentar a valoración positiva das institucións democráticas e a participación activa nelas.

1.-OBXECTIVOS

No Nivel I

Os obxectivos xerais están referidos a aspectos básicos das linguas galega e castelán, as matemáticas e o coñecemento do medio social e natural:

-Respectar e valorar todas as manifestacións da nosa herdanza cultural, especialmente as que teñen que ver coa lingua galega.

-Coñecer as técnicas instrumentais básicas da linguaxe oral e escrita.

-Comprender e expresar mensaxes orais e escritas sinxelas, relacionadas coas necesidades persoais e sociais, que nacen do contorno inmediato, e aplicar a comprensión delas a novas situacións de aprendizaxe.

-Ler comprensivamente textos sinxelos con fluidez, valorando a lectura como fonte de información , autonomía e pracer.

-Interpretar e cubrir documentos e impresos usuais na vida cotiá.

-Ler e escribir as cantidades numéricas máis utilizadas que permitan a mellor actuación da persoa nas situacións diarias .

-Iniciar a mecanización das operacións matemáticas sinxelas con números naturais que permitan a resolución de situación relacionadas coas necesidades básicas da vida cotiá, utilizando especialmente o cálculo mental.

-Identificar as formas xeométricas máis elementais.

-Coñecer e utilizar en contextos reais sinxelos as unidades de medida máis usuais: de horario, calendario, lonxitude e capacidade.

-Identificar e interpretar adecuadamente os signos e símbolos máis utilizados a cotío en aparellos técnicos, edificios, rúas, etc.

-Utilizar e apreciar os coñecementos matemáticos para interpretar, valorar e producir mensaxes relacionados coa vida cotiá.

-Manexar os aspectos básicos dos recursos técnicos habituais na sociedade actual: teléfonos móbiles e de cabinas, caixeiro automático, calculadora, etc.

-Coñecer e situar as institucións públicas e privadas que teñen unha maior incidencia na súa vida.

-Diferenciar e situar adecuadamente diferentes espazos: barrio, localidade, concello, comunidade autónoma, país.

-Coñecer as características fundamentais dos medios de comunicación social: prensa, radio, televisión.

-Valorar as vantaxes e inconvenientes dos diferentes medios de transporte.

-Coñecer aspectos fundamentais do corpo humano que permitan desenvolver hábitos de saúde e coidado corporal, mostrando unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas propias, personalidade..)

No Nivell

Os obxectivos serán os seguintes:

-Desenvolver actitudes que axuden a persoa adulta a mellora a súa valoración persoal e a confianza en sí mesma.

-Mostra actitudes de respecto e tolerancia fronte persoas e costumes doutros medios ou culturas, valorando a interculturalidade.

-Adquirir as técnicas, destrezas e procedementos que lle axuden a desenvolverse con autonomía e comprender a realidade en que vive.

- Desenvolver actitudes que lle faciliten a participación nos ámbitos familiar, laboral e social, especialmente actitudes de tolerancia, comprensión e solidariedade, aceptando as regras e normas que democráticamente se establezan, respectando os puntos de vista diferentes e asumindo as responsabilidades que correspondan.

-. Comprender e producir mensaxes orais e escritas en castelán e galego, atendendo a diferentes situacións e contextos.

-Comunicarse a través dos medios de expresión matemática e visual, desenvolvendo o sentido lóxico, a sensibilidade estética, as actitudes creativas eo sentido crítico.

-. Atopar respostas satisfactorias ás necesidades máis básicas.

-. Na resolución de problemas, utilizar os procedementos oportunos para obter a información pertinente, representala mediante os códigos axeitados e ter en

conta as condicións necesarias para a súa solución.

. -Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social e contribuír activamente, cada un dentro do seu ámbito de actuación, á defensa, conservación e mellora do ambiente.

-Desenvolver hábitos que beneficien a saúde, tanto individual como colectiva, e valorar as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida.

2.-CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AS COMPETENCIAS BÁSICAS

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identifícanse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

No ámbito matemático :

Competencia matemática. É a máis afín á nosa área. Os contidos desta área oriéntanse de maneira prioritaria a garantir o mellor desenvolvemento da competencia matemática; é necesario remarcar que para conseguir a adquisición desta competencia as aprendizaxes deben de poder utilizarse nas múltiples ocasións que se poden desenvolver fora da aula, é dicir, centrarémonos na funcionalidade das aprendizaxes.

Competencia co coñecemento e interacción co mundo físico. A contribución das matemáticas fai posible unha mellor comprensión e descrición do entorno. En primeiro lugar a visualización (concepción espacial) seralle de gran utilidade no emprego de mapas, planificación de rutas, deseño de planos, elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, dende a medida acádase un mellor coñecemento da realidade e informacións máis precisas sobre aspectos cuantificables do entorno. Por último as representacións gráficas son moi valiosas para unha mellor análise da realidade.

Tratamento da información e competencia dixital. Proporciónalle destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación a aproximación ou as relacións na forma de expresión, facilitando así a comprensión de informacións que teñan cantidades ou medidas. Tamén a iniciación no uso da calculadora e de ferramentas tecnolóxicas axuda a desenvolver esta competencia.

Autonomía e iniciativa persoal. A resolución de problemas ten tres vertentes asociadas a esta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. Na medida en que se plantexen situacións abertas e verdadeiros problemas, mellorarase a contribución a esta competencia.

Aprender a aprender. O carácter instrumental das matemáticas proporcionará valor para o desenvolvemento desta competencia. Algunhas aprendizaxes teñen como requisito a utilización de ferramentas matemáticas

básicas e a comprensión de informacións que utilicen soportes matemáticos. Para propiciar o desenvolvemento desta competencia dende a área de matemáticas, é importante incidir en contidos relacionados con autonomía, perseverancia e esforzo.

Comunicación lingüística. Aquí insistiremos en dous aspectos. Por unha parte incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual. Pola outra, trataremos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e procesos.

Cultural e artística. As matemáticas contribúen a esta competencia dende a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Tamén o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas.

Social e cidadá. A aportación a esta competencia refírese ao traballo en equipo, que nas matemáticas adquiren unha dimensión singular se aprenden a aceptar outros puntos de vista, sobre todo, na resolución de problemas.

No ámbito lingüístico:

Competencia matemática. Traballarase a verbalización da linguaxe matemática, así como a lectura comprensiva para a resolución de problemas.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. Traballarase a comprensión de textos onde se plasme a realidade social e cultural, así como o coñecemento dos seres vivos e o mundo no que habitan.

Competencia dixital e tratamento da información. Manexar programas sinxelos con interese para a busca de información.

Autonomía e iniciativa persoal: Uso da voz como forma de expresión creativa. Usar os recursos corporais con autonomía.

Tomar decisións de xeito responsable e autónoma sen deixarse influir. Usar activamente a comunicación mediante o uso das diferentes linguaxes para a construción do autoconceito.

Coñecer as posibilidades da imaxe corporal con actitude positiva para establecer relacións cos demais.

Competencia lingüística: Utilizar as capacidades de atención, memoria, comprensión e expresión lingüística de maneira progresivamente autónoma para organizar a información recollida.

Utilizar a linguaxe de maneira activa para autorregular a propia conduta.

Competencia cultural e artística: Utilizar as diferentes manifestacións culturais e artísticas con interese para o enriquecemento da linguaxe. Desenvolver a iniciativa e imaxinación de maneira creativa para producir textos e relatos.

Competencia social e cidadá: coñecer diferentes culturas, respectándoas, para alcanzar a reflexión crítica e o diálogo.

Utilizar as diferentes formas de comunicación e representación coa iniciativa para establecer relacións co medio e o resto das persoas.

3.-CONTIDOS

No Nivel I

Os contidos están estruturados arredor de varios eixes temáticos que son:

- A casa, a vida cotiá
- O municipio,a comunidade
- A educación viaria
- .-A saúde.

No ambito lingüístico:

-Expresión correcta ,tanto oralmenta como por escrito,relacionadas coas súas vivencias persoais.

-Comprensión de textos sinxelos.

-Lectura comprensiva de textos sinxelos,valorando lectura como fonte de información.

-Documentos e impresos da vida cotiá

No ambito da natureza e sociedade

-Recoñecemento das institucións.

-Recoñecemento das costumes,tradicións e formas culturais propias e alleas.

-Recoñecemento dos diferentes espazos:barrio, localidade, concello, comunidade autónoma e país.

-Recoñecemento das diferentes administracións que compoñen a estrutura organizativa española.

-Recoñecemento das características fundamentais dos diferentes medios de comunicacion social: radio,prensa , televisión.

-Os diferentes medios de transporte: as súas vantaxes e inconvenientes.

-Recoñecemento dos aspectos fundamentais do corpo humano.

-Hábitos de vida saludable.

-Coidado corporal

-Recoñecemento da intervención humana no medio natural e social.

No ámbito das matemáticas

-Lectura e escritura de números naturais.

-Operacións básicas:sumas,restas,multiplicación e división.

-Resolución de problemas sinxelos relacionados con situacións das necesidades básicas da vida cotiá

-Construción de series ordenadas.

-Recoñecemento das unidades de medida máis usuais: de horario, calendario, de lonxitude e capacidade.

-Identificación das formas xeométricas máis elementais.

-Manexo dos aspectos básicos dos recursos técnicos habituais na sociedade actual : teléfono móbil e de cabina,caixeiro automático,calculadora, etc.

NO NIVEL II

Os contidos dos tres ámbitos de coñecemento organízase de maneira globalizada en tres módulos.Os títulos destes módulos son:

Módulo I : A TERRA

Módulo II :O MUNDO DO TRABALLO

Módulo III :A VIDA EN COMUNIDADE

Ámbito da Natureza e da Sociedade

-O medio físico :aire, solo, auga.

-Elementos que configuran a paisaxe natural.

-Dietas equilibradas e outros hábitos saudables.

-Actividade humana que inflúe no medio ambiente.

-Medios de transporte e redes

-Diversidade de traballos e profesións, poboación activa e paro.

- Seguranza e hixiene no traballo.
- Deberes e dereitos dos traballadores.
- Técnicas básicas na procura de emprego.
- Recoñecemento do valor e da función social do traballo doméstico.
- Respecto na utilización dos medios de transporte, polas normas de seguranza, coidado e conservación.
- Valoración de hábitos que favorecen a saúde.
- Responsabilidade no exercicio dos deberes e dereitos que teñen como membros dunha comunidade.
- A organización social e política : a localidade, a provincia, a comunidade autónoma, o Estado.
- A Constitución española e o Estatuto de autonomía.
- A Unión Europea.
- Interpretación de organigramas de funcionamento de entidades como por exemplo o centro de adultos.
- Adquisición de hábitos útiles para a realización de trámites burocráticos.
- Racionalidade ante o consumo de bens e uso dos servizos.

Ámbito Matemático.

- Numeros naturais e sistema de numeración
- Operacións de suma , resta , multiplicación e división´.
- Unidades tradicionais de medida.
- Lectura , escritura e ordenación de números naturais.
- Resolución de problemas tomados da vida cotiá en que haxa que aplicar as operacións básicas.
- Introdución aos números fraccionarios.
- Tanto por cento.
- Formas planas: triángulo, rectángulo, cadrado, circunferencia.
- Interpretación, escrita e ordenación de números decimais.

- Resolución de problemas da vida cotiá en que sexa necesaria a aplicación de operacións básicas con números naturais e decimais.
- Utilización dunha sistematización na resolución de problemas:comprensión,vocabulario,plan de resolución.
- Utilización intuitiva en problemas sinxelos de tanto por cento.
- Recoñecemento dalgunhas figuras planas e dalgúns dos seus elementos:ángulo,vértice,altura,base.
- Unidades de lonxitude,masa,capacidade:múltiplos e divisores.
- Unidades de superficie e tempo.
- Planos e bosquexos sinxelos.
- Utilización da calculadora e valoración da mesma como instrumento de traballo.

Ámbito da Comunicación

- Recoñecemento dos elementos
- Participación en conversacións e diálogos sobre os temas tratados no módulo de xeito constructivo,respectando as normas que fan posible a comunicación en grupo.
- Recollida,memorización e recitación de textos poéticos breves e de ditos,refráns e outras locucións populares.
- Compresión de textos escritos sinxelos de distinto tipo:folletos,recibos,poemas,refráns,fragmentos literarios.
- Lectura fluída de textos sinxelos.
- Corrección dos erros de dicción detectados.
- Lectura e comentario de noticias de prensa.Comentario de programas de radio e televisión.
- Lectura de símbolos e gráficos moi usuais,e de imaxes relacionadas cos temas do módulo.
- Recoñecemento e uso correcto das abreviaturas máis comúns.
- Produción de feitos,as ideas ou vivencias de acordo coa estrutura textual correspondente e empregando procedementos de cohesión e coherencia.

-Desenvolvemento dun tema a partir dun esquema ou un enunciado,e esquematización dun texto narrativo.

-Iniciación no uso dun procesador de textos para escribir,conservar e imprimir textos sinxelos no ordenador.

3.- METODOLOXÍA

Polo que respecta á metodoloxía, dicir que nestas Ensinanzas Básicas Iniciais, podemos distinguir tamén entre as que se empregan no NIVEL I, onde o máis importante a ter en conta é a heteroxeneidade de persoas adultas que aceden a este nivel; aquí as bases metodolóxicas serán flexibles,diversificadas e individualizadas,para contribuir ao logro das capacidades de este nivel..O proceso educativo desenvolverase dende a perspectiva da experiencia máis inmediata á persoa adulta.. O principio metodolóxico que debe rexer o proceso de alfabetización é a globalización; pois desde este principio a persoa adulta terá a oportunidade de partir de situacións moi próximas á súa vida e de relacionar os contidos propostos a redor dela. Outro principio fundamental é o de participación, pois a persoa adulta debe ter unha intervención activa no seu proceso individual de formación. Con estes principios búscase a aprendizaxe significativa..

No NIVEL II ,ademais dos principios do nivel I, búscase o “aprender a facer”; de xeito que se de máis importancia ás destrezas e aos procedementos que a os contidos de carácter conceptual, tendo como criterio metodolóxico a participación activa .

Nos dous niveis se atenderá ao principio de individualización e a aprendizaxe significativa.

4.-CRITERIOS DE EVALUACIÓN

Nos criterios de avaliación tamén haberá que distinguir entre os dos dous niveis.

No Nivel I se propoñen uns criterios que están orientados a valorar o grao de consecución dos obxetivos xerais relacionados co desenvolvemento

das capacidades do Nivel I. Deben servir de orientación para ter a posibilidade de acceder ao Nivel II.

Os criterios son:

-Producir mensaxes orais sobre temas coñecidos en que se presenten de xeito organizado feitos, ideas ou vivencias, empregando as palabras adecuadas e pronunciándoas correctamente.

-Ler comprensivamente textos escritos moi sinxelos, estruturados en frases curtas, superando titubeos, repeticións ou saltos de palabras.

-Identificar textos escritos co mesmo contido e con diferentes tipos de letra.

-Elaborar textos escritos moi sinxelos, construíndo correctamente as frases para expresar con coherencia e claridade ideas, feitos e vivencias e seguindo as normas convencionais da escritura: tamaño regular das letras, tendencia á liña recta en papel non pautado, espazos interlineais regulares e uso das marxes.

-Ler e cubrir correctamente os documentos máis utilizados na vida cotiá: solicitude do DNI, impreso de carta certificada, solicitude de certificado no concello, recibo de caixeiro automático, impreso de matrícula nun centro escolar.

-Ler e escribir números naturais con fluidez

-Resolver problemas moi sinxelos relacionados co entorno máis próximo aplicando as operacións de suma, resta e multiplicación, contrastando o resultado coa anticipación dunha solución razoable.

-Utilizar adecuadamente os signos propios das operacións matemáticas: igual, maior/menor que, máis, menos, por.

-Utilizar as máquinas calculadoras para realizar as operacións fundamentais.

Identificar o valor das moedas e billetes de euro, e expresar unha mesma cantidade de diñeiro mediante diferentes combinacións de billetes e/ou moedas.

-Recoñer e establecer diferenzas entre as formas xeométricas máis elementais.

-Utilizar as medidas máis frecuentes en situacións da vida cotiá: de horario, calendario, lonxitude, capacidade.

-Identificar as institucións públicas e privadas máis habituais para facer xestións persoais e resolver problemas (concello, centro de saúde, entidade bancaria, etc.)

-Interpretar adecuadamente a utilizar para fins prácticos os signos e símbolos máis usados en aparellos, edificios e rúas: signos de funcionar, pausa, parada, etc, en electrodomésticos; de entrada, saída, escaleiras, prohibido, etc, en edificios,; de farmacia, hotel, etc.

-Determinar a incidencia sobre a saúde dalgúns hábitos de alimentación, hixiene e descanso.

-Comparar a utilización dos medios de transporte usando, dunha maneira intuitiva, indicadores de custo, comodidade, rapidez, seguraza, influencia sobre o ambiente, etc., para decidir a conveniencia de utilizar uns ou outros.

No Nivel II

-Descibir e ordenar feitos relevantes da historia persoal.

-Participar en actividades de grupo respectando as normas de funcionamento e realizando con responsabilidade as tarefas que corresponden.

-Coñecer a organización fundamental, funcións e forma de elección no centro de adultos, concello, comunidade autónoma, Estado e organismo internacionais.

-Valorar a importancia do diálogo como medio para resolver os conflitos, mostrando actitudes de respecto e tolerancia coas persoas e os grupos de características diferentes ao propio.

-Comprender textos orais habituais (instrucións, relatos, gravacións de radio...), expresando as ideas que lles son fundamentais.

-Recoñecer en producións orais e escritas temas e usos da lingua que denoten discriminación sexual, racial ou social e procurar evitalos nos textos propios.

-Ler textos de calquera tipo con fluidez, empregando a pronuncia, a entonación e o ritmo adecuados ao seu contido.

-Interpretar axeitadamente textos escritos usados habitualmente na vida cotiá, resumindo as ideas principais e as relacións que existen entre elas.

-Identificar e elaborar textos de diferente tipo: informes e guións sinxelos, pequenos informes, breves narracións, empregando os procedementos adecuados para estruturar o texto.

-Producir textos escritos segundo un guión ou plan establecido previamente e seguindo os pasos de planificación, revisión, incorporación de novas achegas.

-Respectar as normas ortográficas na escrita de textos e empregar instrumentos que permitan resolver as dúbidas suscitadas.

-Identificar o verbo nos textos de uso máis habitual, recoñecendo o tempo, o número e a persoa.

-Recoñecer en textos as palabras compostas e as formas cos prefixos máis frecuentes.

-Comprender e utilizar o vocabulario usado ao longo do módulo.

-Realizar cálculos numéricos mediante diferentes procedementos: calculo mental, tanteo, , calculadora.

-Resolver problemas sinxelos tomados de situacións cotiás, recollendo información, elaborando a información recollida, extraendo conclusións e formulando posibles solucións.

-Aplicar o tanto por cento á resolución de problemas sinxelos relacionados con situacións da vida diaria.

-Realizar estimacións de medidas, escollendo as unidades e instrumentos máis axeitados, de acordo co tipo e coa cantidade da magnitude que se quere medir.

-Expresar con precisión medidas de superficie e tempo, usando os múltiplos e os divisores máis comúns e realizando conversións cando sexa necesario.

-Calcular o perímetro e a superficie das formas planas estudadas.

-Ler, interpretar e realizar representacións gráficas sinxelas a partir dunha serie de datos relacionados con situacións da vida diaria.

5.-MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais utilizados son variados, debido a que o alumnado é diferente, non é un alumnado homoxeneo; polo tanto hai que facer un traballo individualizado, buscando para cada alumno un traballo determinado. Así que as fontes son diversas, pero fundamentalmente utilízanse os seguintes libros:

-Colección Educación de Adultos. Edit GEU 2010.

-De outra maneira. Cuaderno de educación adultas. Ministerio de Educación, Ministerio de traballo y asuntos sociais. 1999.

-Ejeren cuadernos del 1-6. Edit Promolibro 2001. Atención a la diversidad.

-Ejermat cuadernos de 1-6 Edit Promolibro 2001. Atención ala diversidad.

-Leco, programa desarrollo del lenguaje. Vol 1-10. Edit CEPE 2007.

Material das páxinas de internet como por exemplo:

-www.aulapt.org

-www.educared.org

-www.educadultos.es

-www.edu.xunta.es

-www.eltanque.es

En previsión de un posible confinamento por mor do COVID, os alumnos terán un seguimento de ensinanza-aprendizaxe de xeito telemático a través da aula virtual do centro, onde están os contidos a desenrolar e por medio da cal estarán en contacto estreito coas profesoras para ter as explicacións que precisen, resolver as dúbidas e poder avaliar o seu traballo.